

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso e Antón Sanchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**

Exposición de Motivos:

A N-550 que une A Coruña con Tui, é hoxe un elemento fundamental para o transporte de centos de miles de galegos, que a diario usan esta vía ante o elevadísimo custe da alternativa de pago. Esta situación fai que sexa necesario manter esta infraestrutura nun correcto estado de mantemento e seguridade.

Dende a administración competente veñen de anunciar un exíguo orzamento para reparar o firme e mellorar a deficiente sinalización; esta cantidade, que apenas chega ao 1.000.000€, supón de facto a morte desta infraestrutura e condear ós seus usuarios a riscos innecesarios poñendo en perigo as súas vidas simplemente por evitar unha oferta de transporte alternativa á privatizada AP9.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Comisión**:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a que :

- 1) Solicite do Goberno central a inversión suficiente para solucionar os problemas de mantemento da N-550 de xeito que se garanta a súa seguridade e unha adecuada sinalización.

- 2) De inmediato arranxe os numerosos desperfectos desta estrada e estableza un programa suficientemente dotado, para garantir no tempo o correcto mantemento desta infraestrutura, que inclúa un plan de remodelación da sinalización actual.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Antón Sánchez García

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 21/09/2015 10:21:49

Anton Sánchez García na data 21/09/2015 10:21:54